

## ANÁLISE E EVOLUCIÓN DA APLICACIÓN EN GALICIA DO PROGRAMA DE AXUDAS Á FORESTACIÓN DE TERRAS AGRARIAS: (RÈG. CEE 2080/92)<sup>1</sup>

ANA ISABEL GARCÍA ARIAS / MAR PÉREZ FRA  
Departamento de Economía Aplicada  
Área de Economía, Socioloxía e Política Agraria  
Escola Politécnica Superior de Lugo  
Universidade de Santiago de Compostela

*Recibido:* 20 xullo 2000

*Aceptado:* 15 maio 2001

---

**Resumo:** As medidas de forestación de terras agrarias teñen experimentado un interesante desenvolvemento dende que foran postas en marcha en toda a Unión pola reforma da PAC en 1992. O Estado Español ten sido un dos membros da UE no que estas medidas foron máis usadas, en especial se o comparamos co resto das medidas de acompañamento postas en marcha na mesma data. En Galicia tamén teñen tido unha grande repercusión, e foron de especial relevancia para o sector forestal como así o manifestan as actuais declaracións de empresas forestais en favor dunha maior dotación de fondos. Sen embargo, estas medidas foron pensadas para apoiar a política europea de axudas ás rendas agrarias que debía substituír á PAC clásica baseada no sostemento dos prezos. O presente traballo avalía a aplicación destas medidas en Galicia no período 1993-1999 analizando a evolución das distintas convocatorias de axudas e os datos de dita aplicación e forma parte da investigación encargada para o proxecto FAIR "Propiedade e Aproveitamento Comunal e as Súas Implicacións para o Desenvolvemento Rural en Áreas Periféricas" (FAIR6-PL98-4111).

**Palabras clave:** PAC / Política forestal / Galiza / Desenvolvemento rural.

### AFFORESTATION MEASURES IN GALICIA

**Abstract:** The afforestation measures were the most used among the CAP accompanying measures of 1992 in the whole EU. Spain is one of the state members who has done a major use of this instrument. Also for Galicia this measure has been an important instrument of the Forest Policy even if it was thought for the agricultural sector. The present work analyses the implementation of the Reg 2080/92 in Galicia during the 1993-1999 period.

**Keywords:** CAP / Forestry policy / Galiza / Rural development.

---

## 1. INTRODUCCIÓN E ANTECEDENTES

O programa de axudas forestais a agricultura (Reg.2080/92) foi unha das tres medidas de acompañamento da Política Agraria Común que se estableceron coa súa reforma en 1992. Non se trataba dunha medida novidosa posto que xa tiña os

---

<sup>1</sup> O traballo presentado forma parte da investigación encargada para proxecto FAIR "Propiedade e Aproveitamento Comunal e as Súas Implicacións para o Desenvolvemento Rural en Áreas Periféricas" (FAIR6-PL98-4111) dirixido por Xaquín Fernández Leiceaga. Agradecemos os comentarios dos profesores G. Riesco e A. Gueimonde.

seus antecedentes no Reg 797/1985. En 1999 e coa aprobación do novo regulamento de desenvolvemento rural esta medida queda integrada na Política de Desenvolvemento Rural inaugurándose unha nova etapa. É por elo que resulta interesante estudar cales foron os resultados da súa aplicación nestes sete anos (1993--1999) en Galicia.

## 2. CONTIDO DO REGULAMENTO 2080/92

Este programa tiña por obxectivo acompañar e facilitar o paso dunha política de sostemento de prezos na agricultura a unha política de axudas directas ás rendas, transición para a cal a Unión Europea considerou necesario diminuír a produción agraria. Pero además deste primeiro obxectivo o programa pretendía axudar a mellorar os recursos forestais existentes, impulsar formas de xestión do espazo natural compatibles co equilibrio ambiental e finalmente, loitar contra o efecto inverna-doiro. En concreto tratábase de favorecer unha fonte alternativa de renda nas áreas rurais que abandoasen a actividade agraria en favor de actividades forestais, diminuíndo deste xeito a produción agraria.

A axuda financeira outórgase en virtude dun contrato entre a administración e o propietario da explotación polo que a primeira cubre os custos de forestación e mantemento, as perdas de renda derivadas do cesamento na actividade agraria e os investimentos relativos á mellora das superficies agrarias forestadas como sistemas contra incendios etc., e o segundo comprométese a manter esa masa forestal durante un período mínimo de tempo.

**Cadro 1**

| REXIME DE AXUDAS 2080/92  | DESTINATARIOS  |
|---|--|
| a) Axudas a gastos de forestación   | • Calquera persoa física ou xurídica que foreste terras agrarias. (inclúe entidades públicas aínda que non sexan titulares)  |
| b) Primas anuais por ha forestada destinadas a cubrir os gastos de mantemento durante 5 anos das superficies forestadas | • Calquera persoa física ou xurídica que foreste terras agrarias.  |
| c) Primas anuais por ha para compensar perdas de ingresos derivadas da forestación de terras agrarias                   | • Titulares de explotacións que non se beneficien das axudas por xubilación anticipada<br>• Calquera outra persoa física ou xurídica de dereito privado (exclúe á administración)  |
| d) Axudas ós investimentos para a mellora de superficies forestadas (devasas, accesos etc.)                             | • Unicamente titulares de explotacións agrarias ou as súas asociacións.  |
|   | OUTRAS RESTRICCIÓNS:<br>• As plantacións con especies de crecemento rápido só son elegibles para o apartado a) se se trata de titulares de explotación a título principal e sempre que se adapten ás condicións ambientais da zona.<br>• As plantacións de árbores de Nadal non son elegibles. |

FONTE: Elaboración propia a partir de Reg CE 2080/92.

Os Estados Membros poden deseñar programas horizontais a nivel estatal ou rexional ou tamén programas zonais de forestación para áreas específicas por razóns ambientais ou agrarias. As medidas son financiadas nun 50% con fondos comunitarios excepto nas rexións obxectivo 1 onde a cofinanciación poden atinxir o 75%.

Os programas zonais deben incluír a determinación dun obxectivo de forestación, as condicións relativas á localización e ó agrupamento das superficies obxecto de forestación, as prácticas silvícolas a respetar e unha selección de especies adaptadas ás condicións locais.

As primas establecidas no regulamento CEE 2080/92 foron posteriormente modificadas polo regulamento CEE 231/96 en virtude da revisión do valor do ECU para produtos agrarios quedando como se aprecia na táboa 1.

**Táboa 1.-** Primas para a reforestación de terras agrarias (Ecus /Ha/Ano)

| MEDIDAS                       | a) FORESTACIÓN |          |        | b) MANTEM.     |                | c) COMPENSAC.        |                               | d) MELLORAS             |                       |           |         |
|-------------------------------|----------------|----------|--------|----------------|----------------|----------------------|-------------------------------|-------------------------|-----------------------|-----------|---------|
|                               | Reg. CE        | Eucalip. | Conif. | Fronchosas     | Conif.         | Fronchosas ou mixtas | Tit.e asoci. de tit. agrarios | Outros de dereito priv. | Mellora e cortaventos | Sobreiras | Camiños |
| 231/96 (anos 1-2) (seguintes) | 2415           | 3623     | 4830   | 301,9<br>181,1 | 603,8<br>362,3 | 724,5                | 181,1                         | 845,3                   | 1691                  | 21735     | 181,1   |

FONTE: Elaboración propia a partir de Reg. CE 2080/92 e 231/96.

A nivel xeral os países que máis utilizaron esta medida son os da Península Ibérica (onde é moi utilizada para loitar contra a erosión ademais de para a produción forestal) as Illas Británicas e Irlanda. Con respecto ás especies utilizadas as coníferas acaparan o 40% da superficie forestada sendo España, Alemaña e Francia onde a utilización deste grupo de especies é maior. No que se refire á natureza da terra forestada o 61% son pradeiras e pastos permanentes, o 36% terras cultivables e o 3% cultivos permanentes como viñedos, hortos familiares, etc. Esta distribución varía en gran medida dun Estado membro a outro. En países como os Países Baixos ou Dinamarca as máis afectadas son as terras cultivables (que constitúen a maior parte da distribución xeral de terras nestes países) mentras que en Austria e Irlanda foi realizada case exclusivamente en pradeiras e pastos permanentes. Segundo un informe da Comisión (COM (97) 630 final) constátase que a medida foi aplicada principalmente nos Estados e rexións onde existe unha vontade política activa de estender a superficie forestal. Por outra banda máis do 65 % das forestacións realizáronse en áreas clasificadas entre as zonas de risco de incendio<sup>2</sup>.

<sup>2</sup> Para unha análise máis detallada da aplicación desta medida na U.E. ver Albino PRADA (2000).

### 3. ANÁLISE E EVOLUCIÓN DA NORMATIVA DE AXUDA Á FORESTACIÓN DE TERRAS AGRARIAS EN GALICIA

Antes de falar de Galicia debemos facer referencia ó marco legislativo estatal de aplicación do Reg 2080/92. O Real Decreto 378/1993 de 12 de Marzo (BOE 30 de Marzo de 1993) constitúe a traslación ó regulamento español do citado regulamento de forestación de terras agrarias (Capítulo I) e do 1610/89 de axudas para o desenvolvemento e aproveitamento dos bosques nas zonas rurais (Capítulo II). Este Real Decreto será modificado polo R.D. 2086/94 de 20 Outubro e polo R.D. 152/1996 de 2 Febreiro. Para a posta en práctica destes programas as Comunidades Autónomas asinaron acordos coa Administración central co fin de participar no seu financiamento e elaborar programas rexionais ou zonais.

#### 3.1. CARACTERÍSTICAS DO REGULAMENTO 378/93

**Cadro 2**

| OBXECTIVOS DO REAL DECRETO 378/1993  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Diminuír o impacto negativo nas rendas agrarias do abandono de réxime de sostemento de prezos</li> <li>• Diversificar as actividades das persoas que traballan na agricultura e contribuír a que a forestación sexa unha fonte alternativa de renda</li> <li>• Efectuar unha restauración forestal que permita a implantación de masas forestais adecuadas ós correspondentes ecosistemas</li> <li>• Contribuír á corrección do efecto invernadoiro, dos graves problemas de erosión, e desertización, á conservación e mellora do solo, a fauna e a flora e as augas así como a diminución do risco de incendios</li> <li>• Mellorar a medio e longo prazo os recursos forestais contribuíndo á redución do déficit dos mesmos</li> <li>• Contribuír a unha xestión do espazo natural compatible co equilibrio do ambiente, favorecendo o desenvolvemento de ecosistemas forestais beneficiosos para a agricultura.</li> </ul> |

Estes obxectivos mostran unha certa vocación de combinar a protección ambiental (o territorio do estado español está considerado como zona de alto risco de incendio) coa produción de madeira, produto do que existe un déficit comercial importante en toda Europa.

A efectos deste regulamento as *especies* de crecemento rápido son aquelas explotadas en quendas inferiores a 18 anos. Con respecto as axudas a), b) e c) as especies eleixidas debían atender ós seguintes criterios:

**Cadro 3**

| ESPECIES ELEXIBLES POLO REG. 2080/92  |
|---|
| ANEXO I: Aquelas que teñan como finalidade a produción de madeira en quendas superiores a 18 anos.<br>ANEXO II: Aquelas que teñan como finalidade a restauración ou creación de ecosistemas forestais permanentes<br>ANEXO III: Aquelas especies arbustivas e arbóreas autóctonas, de interese particular en certas zonas, para a obtención de produtos forestais valiosos, endemismos e especies en perigo de extinción. |

En virtude do principio de subsidiariedade son as CC.AA. as que nos programas rexionais ou zonais, explicitaron os requisitos técnicos sanitarios e de densidade de arborado mínimo por ha Son estas administracións as encargadas tamén de deter-

minar as especies forestais a empregar segundo a altitude, clase de solo, condicións climatolóxicas e zonas de actuación. Deste xeito, poden engadir ós correspondentes anexos as especies que consideren adecuadas para a recepción de primas. As axudas son cofinanciadas polo Ministerio, a Comunidade Autónoma e a UE.

En canto as *superficies elixibles* o R.D. 2086/94 establece unha restricción máis clara que o anterior xa que considera como terras agrarias aquelas que estando traballadas regularmente antes do 31 de xullo de 1992, contribuíran á renda do agricultor.

#### Cadro 4

| SUPERFICIES AGRARIAS SEGUNDO O REAL DECRETO 378/93<br>TAMÉN APLICABLE POLO DECRETO DA CONSELLERÍA 250/1993 |  |
|--|--|
| 1)   | Terras ocupadas por cultivos herbáceos   |
| 2)   | Barbeitos e terras non ocupadas  |
| 3)   | Hortos familiares  |
| 4)   | Terras ocupadas por cultivos leñosos (froiteiras, viñedos, olivar, agrios..)   |
| 5)   | Prados Naturais  |
| 6)   | Pasteiros  |
| 7)   | Montes de sobreiras.   |
| 8)   | Monte aberto e dehesas, sempre que a fracción de cabida cuberta sexa inferior ó 20% e sexan utilizados para pastoreo |
| 9)   | Ermo a pasto.  |

Con respecto ós *suxetos elixibles* establecidos polo Real Decreto 378/93, priorízanse como segue:

- Agricultores a título principal acollidos a programas de abandono da produccion de leite ou viño.
- Outros agricultores a título principal.
- Outros propietarios de explotacións agrarias que obteñan o 20% da súa renda da agricultura e que vivan na mesma zona onde se sitúa a parcela que vai ser forestada.
- Entidades públicas.
- Outros propietarios de explotacións.
- Outras persoas físicas ou xurídicas de dereito privado que non sexan propietarios de explotacións agrarias. (Isto permite que empresas de servizos que realizan os traballos de forestación podan figurar como beneficiarios das axudas).

### 3.2. MODIFICACIÓNS POSTERIORES DO REGULAMENTO ESPAÑOL DE MEDIDAS FORESTAIS NA AGRICULTURA

A modificación do ano 1994 obedece á Decisión da Comisión Europea relativa á aprobación dos programas de prevención de incendios en España que obriga a incrementar as axudas relativas á protección das masas existentes.

**Táboa 2.-** Primas establecidas polo Real Decreto 2086/1994. Pts/ha/ano

|                                      | GASTOS DE FORESTACIÓN |             | PRIMA DE MANTENIMENTO |             | PRIMA COMPENSATORIA*  |        |                       |        |
|--------------------------------------|-----------------------|-------------|-----------------------|-------------|-----------------------|--------|-----------------------|--------|
|                                      | TIT. INDIV.           | TIT. AGRUP. | TIT. INDIV.           | TIT. AGRUP. | AGRI. TIT. PRINCIPAL  |        | OUTROS                |        |
| ESPECIES**                           |                       |             |                       |             | 1 <sup>as</sup> 25 ha | Resto  | 1 <sup>as</sup> 25 ha | Resto  |
| Anexo 1                              | 175.000               | 192.500     | 15.000                | 18.000      | 20.000                | 16.000 | 12.000                | 9.000  |
| Anexo 1 con 2-3                      |                       |             |                       |             |                       |        |                       |        |
| 25%                                  | 200.000               | 220.000     |                       |             |                       |        |                       |        |
| 50%                                  | 225.000               | 247.000     |                       |             |                       |        |                       |        |
| 75%                                  | 250.000               | 275.000     |                       |             |                       |        |                       |        |
| Anexos 2-3 con 25% de 1              |                       |             | 20.000                | 24.000      | 28.000                | 22.400 | 16.800                | 12.600 |
| Anexo 2                              | 300.000               | 330.000     | 30.000                | 36.000      | 35.000                | 28.000 | 21.000                | 15.750 |
| Anexo 3                              | 325.000               | 357.500     | 30.000                | 36.000      | 35.000                | 28.000 | 21.000                | 15.750 |
| Espacios naturais protexidos con 2-3 | 400.000               | 440.000     |                       |             |                       |        |                       |        |
| Crecim. rápido <18 anos              | máx. 120.000 pts/ha   |             |                       |             |                       |        |                       |        |

\* Establécese un máx. anual de 4.000.000 pts por beneficiario ou 5.000.000 se se trata de unha agrupación.

| MELLORA DE SOBREIRAS E OUTRAS SUPERFICIES FORESTADAS*   |   |
|---|---|
| Mellora   | 60.000 pts/ha   |
| Puntos auga   | de 100.000 pts/punto con 50m <sup>3</sup> de auga. 200.000 se é necesario realizar depósito de formigón |
| Devasas   | 20.000 pts/ha   |
| Sobreiras   | 160.000-300.000   |
| Camiños   | 500.000 ptas/ km. En caso de terreos difíciles pódese chegar ate 1.500.000 pts                          |
| *En 1994 establécese que os custos de forestación das plantacións desaparecidas a causa de desastres naturais non poderán percibir subvención. Só aqueles agricultores que obteñan máis do 25% da súa renda da agricultura poderán percibir estas axudas. |   |

En 1994 introduciuse unha modificación conforme á cal aqueles propietarios que realizasen os traballos de forestación por eles mesmos ou empregasen asalariados directamente serían priorizados. Este feito discriminaría positivamente ó agricultor que vive do traballo forestal, en detrimento das empresas de servizos que poden ser ou non da zona que percibe a axuda. Trátase polo tanto de que a axuda repercuta positivamente nos agricultores e na zona onde se foresta. De tódolos xeitos, os propietarios absentistas (prioridade 5) tamén poden beneficiarse destas axudas aínda que en derradeiro lugar (paradoxicamente en Galicia serán os máis beneficiados como veremos máis adiante).

En 1996 o Real Decreto 152/1996 introduce de novo modificacións na convocatoria de axudas para a forestación de terras agrarias co fin de adaptarse ó Regulamento CE 231/96 que actualiza as primas. As modificacións afectan ós aspectos seguintes:

- a) *Tipos de Axuda:* As axudas para a mellora poderán aplicarse tanto as terras forestadas como ás masas xa existentes con anterioridade nas explotacións agrarias.

- b) *Especies*: Cambiase o límite para considerar quendas curtas que pasa de menos de 18 anos a menos de 15. Isto significa adaptarse á práctica silvícola existente que considera unha rotación mínima de entre 12 e 15 anos para algunhas das especies de crecemento rápido.
- c) *Primas*: Actualízanse as primas en función dunha mellor adecuación ós obxectivos fixados.  
En caso de inundacións, secas ou xiadas extraordinarias que provoquen perdas nas plantacións de ate un 40%, as primas de mantemento poderán incrementarse nun 35%
- d) *Condicións técnicas*: Este real Decreto prohíbe a cohabitación das superficies forestadas co mantemento de gando mentras que as plantas non estén suficientemente formadas.

**Táboa 3.-** Primas establecidas polo Real Decreto 152/1996. Pts/ha/ano

|                                      | GASTOS DE FORESTACIÓN                                  |             | PRIMA DE MANTENIMENTO |             | PRIMA COMPENSATORIA*  |        |                       |        |
|--------------------------------------|--|-------------|-----------------------|-------------|-----------------------|--------|-----------------------|--------|
|                                      | TIT. INDIV.  | TIT. AGRUP. | TIT. INDIV.           | TIT. AGRUP. | AGRI. TIT. PRINCIPAL  |        | OUTROS                |        |
| ESPECIES**                           |  |             |                       |             | 1 <sup>as</sup> 25 ha | Resto  | 1 <sup>as</sup> 25 ha | Resto  |
| Anexo 1                              | 182.500  | 200.000     | 25.000                | 30.000      | 23.000                | 20.000 | 15.000                | 12.000 |
| Anexo 1 con 2-3                      |  |             |                       |             |                       |        |                       |        |
| 25%                                  | 208.600  | 230.000     |                       |             |                       |        |                       |        |
| 50%                                  | 235.000  | 267.000     |                       |             |                       |        |                       |        |
| 75%                                  | 260.500  | 287.000     |                       |             |                       |        |                       |        |
| Anexos 2-3 con 25% de 1              |  |             | 30.000                | 35.000      | 32.000                | 25.000 | 20.000                | 15.000 |
| Anexo 2                              | 313.000  | 344.000     | 40.000                | 48.000      | 40.000                | 35.000 | 25.000                | 20.000 |
| Anexo 3                              | 325.000  | 357.500     | 40.000                | 48.000      | 40.000                | 35.000 | 25.000                | 20.000 |
| Espacios naturais protexidos con 2-3 | 417.000  | 459.000     |                       |             |                       |        |                       |        |
| Crecim. rápido <18 anos              | máx. 125.000pts/ha (só agricultores a tit. principal). |             | Non son elegibles     |             | Non son elegibles     |        |                       |        |

\* Establécese un máx. anual de 4.000.000 pts por beneficiario ou 5.000.000 se se trata de unha agrupación.

| MELLORA DE SOBREIRAS E OUTRAS SUPERFICIES FORESTADAS* |  |
|---|--|
| Mellora   | 62.600 pts/ha (xa non se contemplan as claras)   |
| Puntos auga   | de 104.000 pts/punto con 50m <sup>3</sup> de auga. 208.600 se é necesario realizar depósito de formigón. |
| Devasas   | 21.000 pts/ha  |
| Sobreiras   | 167.000-313.000 para casos excepcionais determinados polas Comunidades Autónomas.                        |
| Camiños   | 522.000 ptas/ km. No caso de terreos difíciles ate 1.575.000.  |

\* Os custos de forestación das plantacións desaparecidas a causa de desastres naturais non poderán percibir subvención. Só aqueles agricultores que obteñan máis do 25% da súa renda da agricultura poderán percibir estas axudas.

Outra novidade interesante é a posibilidade de trasladar as primas ó novo propietario da parcela se esta é transmitida durante o período de compromiso e sempre que o novo propietario respete o mesmo. Esta disposición favorece a entrada no

programa de propietarios que teñen a intención de abandoar a agricultura por xubilación.

### 3.3. A NORMATIVA GALEGA

En Galicia, o Regulamento CEE 2080/92 e o Real Decreto 378/93 son desenvolvidos polo Decreto 250/1993 de 24 de Setembro, modificado polas con convocatorias de 1994, 1996 e 1998 para adaptarse ós cambios xa comentados a nivel estatal e comunitario. As particularidades da convocatoria en Galicia centranse nos obxectivos buscados (se cadra máis productivistas) e na orde de prioridades establecidas.

**Cadro 5**

| OBXETIVOS A CUMPLIR POLO DECRETO 250/93  |
|--|
| A. Conseguir: Unidades de explotación de tamaño viable, a fin de conformar montes de extensión suficiente para a súa xestión racional  |
| B. Bosques con rendementos madeirables elevados que contribúan tanto a reduci-lo déficit dos recursos forestais como a corrixi-lo efecto invernadoiro.   |
| C. Bosques que conxugen ó mesmo tempo a produción por especie en cantidade suficiente para facer viable a súa explotación e o desenvolvemento dunha industria especializada, coa biodiversidade. |
| D. Bosques con rendementos económicos ou suficientemente atractivos, como para poder contribuir á diversificación de actividades agrarias, ó ser considerados unha alternativa de renda.         |
| E. Bosques que melloren a paisaxe, proporcionen espazos de utilización socio recreativa e cumplan a función de conservación do medio natural.  |

En Galicia as primas eran iguais que para o resto do Estado salvo nos aspectos seguintes:

- Non había subvención máxima para as especies de crecemento rápido ate 1996.
- Para a prima de compensación facíase en principio a distinción entre parcelas de menos de 5 ha, parcelas de entre 5 e 25 ha e “resto da superficie”. As primeiras e as últimas percibían unha prima menor. Con elo pretendíase favorecer ás parcelas dunha dimensión adecuada para ter masas rendibles. Sen embargo, a partir de 1996 prímanse igual as primeiras 25 ha e algo menos as seguintes.

Con respecto ós beneficiarios prioritarios podemos atopar algunhas diferencias con respecto á convocatoria estatal.

En 1996 a convocatoria de 8 de Maio presenta novidades con respecto ás convocatorias anteriores. Como beneficiarios elixibles para estas axudas aparecen por vez primeira os arrendatarios de terras por un período de máis de 15 anos. Ademais, as S.A.T. terán a consideración de agrupación forestal.



### Cadro 6

| GRUPOS DE BENEFICIARIOS PRIORITARIOS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS (DECRETO 250/93)   |
|--|
| a) ATP que se acollesen durante algún dos dous anos anteriores ó abandono definitivo da produción de leite ou viño.  |
| b) <i>ATP ou asociacións de ATP acollidos a programas de abandono de produción ou xubilación anticipada con parcelas superiores a 3 has. continuas para Castanea, Populus, e Eucaliptos Globulus, 6 has para coníferas e o resto eucaliptos e 10 has para bosques doutras frondosas.</i> |
| c) <i>Idem con parcelas de función productiva preferente superior a 1ha sempre que formen parte de cantóns boscosos<sup>3</sup> da mesma especie dominante, e a mesma funcionalidade preferente que aquelas parcelas que se pretenden converter.</i>                                     |
| d) Os titulares de explotacións sempre e cando máis dun 20% da súa renda declarada proceda da agricultura e residan na mesma comarca na que se atope a superficie a forestar.(preténdese excluír así ós propietarios absentistas).   |
| e) As entidades públicas.  |
| f) Os demais titulares de explotacións agrarias que non están comprendidos nos niveis anteriores.  |
| g) As comunidades titulares de Montes Veciñais en Man Común clasificadas en superficies superiores a 5 has.  |
| h) Outras persoas físicas ou xurídicas de dereito privado que non sexan titulares de explotacións agrarias (aquí sí poderían entrar propietarios absentistas e empresas).  |
| i) En cada grupo de prioridade terán preferencia as superficies maiores e os propietarios que dispoñan de seguro contra incendios e outros riscos.   |
| j) Poderáanse ter en conta dentro de cada nivel de prioridade a altitude, condicións do solo, uso productivo anterior, etc.  |
| * En cursiva as priorizacións particulares que fai Galicia.  |

As primas cambian nos aspectos xa citados para adaptarse ás condicións xerais de toda a U.E. Os pagamentos das primas faranse nunha única transferencia unha vez feita a certificación dos traballos realizados. Para o disfrute da prima de compensación establécense novas condicións que poden mellora-la súa xestión:

- Límites porcentuais por tipo de terra agrícolas forestadas que antes non existían.

|  |
|--|
| 1) Terras ocupadas por cultivos herbáceos 100%   |
| 2) Barbeitos e terras non ocupadas. 100%   |
| 3) Hortos familiares. 100%   |
| 4) Terras ocupadas por cultivos leñosos 100%   |
| 5) Prados Naturais. 50%  |
| 6) Pasteiros. 50%  |
| 7) Montes de sobreiras   |
| 8) Monte aberto e soutos, sempre que a fracción de cabida cuberta sexa inferior ó 20% e sexan utilizados para pastoreo 10% |
| 9) Ermo a pastos. 20%  |

- Esta prima pódese pagar durante vinte anos a partires do momento da certificación.

<sup>3</sup> Un cantón considérase boscoso cando a fracción de cabida cuberta ou a densidade do repoboado arbóreo sexa superior ó 20% en unidades topográficas dun mínimo de 10 has.

- A súa tramitación está condicionada a que as condicións de conservación da masa garantan a súa continuidade.  
A prima para a mellora doutras superficies forestadas non será tramitada para traballos silvícolas ou tratamentos fitosanitarios durante os cinco primeiros anos de pagamento da prima de mantemento.  
As prioridades serán aquelas que establece a normativa estatal pero continúaase a excluír certas terras en función da súa dimensión:
- A superficie mínima a forestar será de 1 ha continua.
- A superficie máxima son 50 ha con algunhas excepcións: a) cando se trata dunha ampliación de superficies xa forestadas coa mesma especie. b) en certas circunstancias e para especies do anexo II. c) cando un único propietario pida forestar máis de 3 ha situadas no mesmo concello aínda que estén parceladas.

Outra novidade é a mención específica que se fai para as terras en proceso de concentración parcelaria. Estas poderán beneficiarse das axudas desta convocatoria se existe un acordo firme para solicitar a concentración.

As condicións técnicas son moito máis profusas e adaptadas ó Plan Forestal de Galicia do ano 1992 e ás normativas existentes relativas á certificación de sementes, utilización de fitosanitarios e adubos etc. Os compromisos que debe adquirir o beneficiario están tamén mellor definidos. Ademais dos compromisos establecidos na norma estatal, a convocatoria galega obriga a non cortar durante 3 anos cando se disfruta de axudas a masas xa existentes. O agricultor debe comprometerse tamén a dar aviso ás autoridades competentes das aplicacións que faga de agroquímicos. A Orde é tamén moi clara en canto á documentación que fai falla presentar, esixindo informes técnicos e autorizacións das autoridades no caso de ser montes consorciados ou conveniados.

A convocatoria de 1996 extendeuse a 1997. Unha nova convocatoria ábrese en xuño de 1998 sendo ate de agora a derradeira xa que os orzamentos previstos na mesma prorrogáronse para 1999 e 2000. A Orde do 15 de Xuño de 1998 constitúe unha norma incluso máis restrictiva que a anterior dende o punto de vista da ordenación do territorio. As novidades son as seguintes:

- Para as axudas á forestación as porcentaxes de mistura de especies están completamente determinadas.
- Para a plantación de especies en quendas inferiores a 15 anos prímense as dimensións superiores a 3 ha, xa que as primeiras dúas ha non terán máis que o 50% do máximo subvencionable e as superficies de entre 2 e 3 ha o 75%. Ademais as parcelas inferiores a 3ha deberán ser colindantes a outras plantacións da mesma especie.
- A subvención ó Eucalipto require condicións técnicas novas máis restrictivas de xeito que a nova normativa podería mesmo impedir na práctica que se utilizase esta especie para a forestación de terras agrarias.

- Por primeira vez en Galicia menciónase explicitamente a posibilidade de utilizar este instrumento para construír barreiras naturais ou corta ventos, posibilidade xa descrita no regulamento comunitario e recomendada pola Comisión no informe sobre a aplicación deste regulamento (COM (97) 630 final).
- As axudas á mellora das masas xa existentes só serán concedidas para forestacións en explotacións agrícolas cunha superficie mínima de 5 ha. Menciónanse explicitamente os soutos.
- As especificacións técnicas son aínda máis detalladas.
- Priorízanse as superficies forestais de máis de 25 ha onde existe un plan de ordenación e de xestión sustentable.
- Aínda que un monte comunal esté conveniado pode acceder ás axudas de mellora en tanto que a superficie para a que se pide a axuda non fora obxecto de actuación por parte da administración a causa de falta de fondos.
- Os bosques de frondosas autóctonas están protexidos e non poden ser obxecto de reforestación.
- Cando o petionario da axuda sexa unha persoa distinta do propietario, o responsable da plantación será o petionario durante os cinco anos que dura o pagamento da prima de mantemento. Despois deste período a responsabilidade de manter os compromisos coa administración recae no propietario. A clarificación desta cuestión podería ter animado a empresas de traballos silvícolas a buscar este tipo de axudas en nome dos propietarios.
- Incluso se a prohibición de manter actividades agrarias na superficie forestada se mantén, permítese a coexistencia de cabalos a partir dunha certa idade da plantación co fin de facer un control natural de malas herbas.
- Prevese así mesmo, un sistema máis estricto de control e certificación.

En definitiva, as sucesivas modificacións do Decreto 250/93 queren contribuír a facer máis racional a aplicación das medidas de forestación de terras agrarias, e neste senso ganan en coherencia con outras medidas de política forestal. Vemos tamén unha nova preocupación pola preservación e conservación do ambiente e da paisaxe, completamente ausente na primeira convocatoria, manifestada na protección das masas autóctonas existentes en terras agrarias e na restricción ás subvencións ó eucalipto.

#### **4. ANÁLISE DA APLICACIÓN EN GALICIA DO REG. (CEE) 2080/92**

Contamos nesta parte con varias fontes de datos: unha referida os expedientes tramitados ó abeiro do Decreto 250/93 de 1993 ate marzo de 1997 que tomamos de Enrique Valero (1997), outra que ofrece os datos do número de subvencións certi-

ficadas dende o inicio do programa ate 1998 xunto coas previsións para 1999. Esta última fonte procede da Dirección Xeral de Montes e MAN así como de J.C.Pastor e J. Carmona (1999). A terceira fonte son os anuarios *La agricultura, la pesca y la alimentación en España* do Ministerio de Agricultura. Os datos van ser diferentes xa que as certificacións realízanse sempre con posterioridade á finalización dos traballos subvencionados de xeito que o número de solicitudes para as que se aprobou subvención vai ser sempre superior ó número de certificacións. Isto fai que estesmos falando de 38.098 ha correspondentes ós expedientes tramitados ate marzo de 1997, de 46.157 dos expedientes tramitados ate 1998 segundo o Ministerio e de 29.757 ha forestadas, certificadas e pagadas dende o inicio do programa até o 31 de decembro de 1998 en Galicia.

No primeiro quinquenio (1993-1997) a aplicación en Galicia do Reg. 2080/92 ten sido un éxito en termos de expedientes aprobados e superficie a forestar se o comparamos co resto das CCAA que teñen cofinanciamento do Estado<sup>4</sup>. Neste mesmo período na U.E. forestáronse aproximadamente 699.717 ha e o Estado Español é o principal beneficiario acaparando o 41% da superficie forestada e o 25 % das solicitudes, cunha superficie medida por solicitude de 10,37 ha Séguenlle Portugal (14%), o Reino Unido (13% da superficie forestada), e Irlanda (12%).

Dentro do Estado Español podemos apreciar que Galicia foi a 1ª comunidade por número de solicitudes aprobadas, a 4ª por superficie forestada e a 5ª por subvencións dadas. Este feito explícase pola estrutura da propiedade da terra en Galicia, moito máis parcelada, e a superficie media por explotación que é moito menor que no resto do Estado. Por outra banda, e como veremos máis adiante, Galicia ten escollido especies de crecemento rápido que son as que perciben unha menor subvención por ha (táboa 4). Isto tradúcese en que o 23,9% das solicitudes producíronse en Galicia así como o 4,7% do volume subvencionado e o 8,8% da superficie agraria forestada. O escaso peso en relación á superficie confirmase se tomamos os datos dos expedientes certificados e pagados entre 1993 e 1998, período para o cal a forestación de terras agrarias en Galicia representou tan só o 7,42% da superficie agraria forestada no Estado Español. As comunidades autónomas máis beneficiadas foron as dúas Castelas e Andalucía.

No gráfico 1 apreciamos a evolución do programa de forestación de terras agrarias dende o inicio ate as previsións para 1999, e para cada unha das liñas de axuda. En xeral destácase por unha evolución ascendente a partires de 1995.

O descenso apreciado en 1996 no *número de solicitudes* para o subprograma de forestación débese a que neste ano o prazo de solicitude abriuse moi tarde co que apenas houbo 3 meses para solicitar estas axudas con cargo ós orzamentos de 1996, en cambio en 1997 o incremento foi espectacular. O descenso experimentado en 1998 pode deberse posiblemente ás condicións máis restrictivas da orde de 1998,

---

<sup>4</sup> O País Vasco e Navarra teñen programas propios.

sen embargo o número de ha non para de medrar o cal implicaría unha maior superficie media por solicitude aprobada e pagada. Como apuntan Pastor J.C. e Carmoña, J. (1999) esta situación ten que ver co fomento do asociacionismo e coa entrada no programa de gran número de Montes Veciñais en Man Común. Recordemos que xa a Orde de 1996 e sobre todo a de 1998 facilitan que podan agruparse para solicitar forestación un mínimo de dous propietarios e que a situación e condicións de solicitude para os Montes Veciñais está moito máis clara.


**Táboa 4.-** Forestación de terras agrarias 1994-1998

|                | BENEFICIARIOS** | SUBV. PAGADA   | SUPERFICIE has. |
|----------------|-----------------|----------------|-----------------|
| Andalucía      | 4.476           | 106.053        | 139.370         |
| Aragón         | 900             | 7.120          | 12.491          |
| Asturias       | 3.970           | 5.461          | 11.749          |
| Baleares       | 225             | 1.298          | 2.202           |
| Canarias       | 12              | 212            | 306             |
| Cantabria      | 93              | 179            | 532             |
| C.-La Mancha   | 8.568           | 44.119         | 95.659          |
| C.y León       | 6.427           | 52.369         | 106.311         |
| Cataluña       | 1.033           | 1.638          | 2.556           |
| Extremadura    | 1.660           | 36.035         | 60.813          |
| Galicia        | 9.347           | 13.899         | 46.157          |
| Madrid         | 264             | 4.642          | 6.027           |
| Murcia         | 502             | 5.372          | 8.673           |
| Navarra (*)    | 87              | 726            | 1.758           |
| La Rioja       | 237             | 844            | 1.856           |
| Valencia       | 1.201           | 15.323         | 6.833           |
| Pais Vasco (*) | 37              | 2.118          | 19.460          |
| <b>Total</b>   | <b>39.039</b>   | <b>297.408</b> | <b>522.752</b>  |

(\*) Non dispoñemos de datos para todos os anos. (\*\*) 1994-1997. Non dispoñemos do número de beneficiarios para o ano 1998.

FONTE: MAPA (varios anos).

**Gráfico 1.-** Evolución do programa de forestación de terras agrarias. Galicia 1993-1999



FONTE: Elaboración propia a partir de datos da Dirección Xeral de Monte e MAN.

En efecto o número de ha forestadas presenta unha tendencia alcista no período analizado. O estancamento en 1997 débese seguramente a que esta cifra corresponde á tramitación das solicitudes do ano 1996. As previsións da Dirección Xeral de Montes e MAN para o ano 1999 confirmarían a tendencia á alza aínda que para 1999 non houbo convocatoria de axudas, prolongándose os orzamentos de 1998.

Este mesmo comportamento alcista rexístrase nas ha pagadas con primas de *Mantemento* en coherencia co número de ha forestadas. A evolución da superficie acollida ó subprograma de *Melloras* rexistra unha tendencia negativa dende 1995. Hai que ter en conta que existen outros dous programas adicados á mellora de bosques en terras agrarias (Reg CEE 1610/89). Por outra banda xa na normativa de 1996 e máis na do 98 poñíanse moitas máis restricións para a concesión desta axuda. Se observamos o número de solicitudes aprobadas entre 1993 e 1997 no programa de Melloras cabe destacar a maior relevancia no conxunto do período dos tratamentos fitosanitarios, case todos eles aplicados na provincia de Ourense<sup>5</sup>. Sen embargo estes cobran forza cara 1996-97 sendo os tratamentos selvícolas de limpeza e desbroce os máis demandados nos primeiros anos. Por provincias o 48% das axudas de Mellora foron aprobadas na Coruña, o 24% en Lugo, acadando Ourense e Pontevedra o 20% e o 8% respectivamente entre 1993 e 1997.

Con respecto ás pistas forestais estamos a falar de 3227 kms no período 1993--1998. A súa realización pretende servir de protección contra incendios e de valorización das masas forestais.

Contrasta a escasa superficie acollida ó subprograma de *Compensación* de rendas que semella ser un síntoma de que a superficie que se foresta está constituída fundamentalmente por terras abandonadas. Aínda así vemos que a tendencia é alcista. No resto da U.E. tamén este tipo de axudas son as menos solicitadas coa excepción de Austria. Enrique Valero (1997) indicaba tres causas para esta cativa demanda de primas compensatorias solicitadas en Galicia:

- O incremento de documentación que é necesario aportar para ser tramitada esta prima.
- A desconfianza que supón para os interesados a obriga de ter unha relación económica coa Administración, durante os vinteún anos que vai estar vixente esta prima
- A escasa cuantía económica que supón.

Parécenos en todo caso, que a terceira causa apuntada non debería ter gran repercusión xa que as primas compensatorias son de igual montante que as primas de mantemento. O que sucede, é que se previamente existía unha actividade agrícola probablemente sexa abondo máis rendible que a forestación dese terreo. Cabe pen-

<sup>5</sup> Cabe destacar que no ano 1995, ano en que a seca comeza a remitir, Ourense acaprou o 30% das medidas subvencionadas por este subprograma demandando sobre todo tratamentos fitosanitarios.

sar pois que as dúas primeiras causas son máis explicativas deste fenómeno xunto co feito de que o que se foresta son terras marxinais xa abandonadas para usos agrarios. Parece apoiar esta afirmación o dato de que o 88% das terras forestadas ó longo do programa fosen ou monte aberto ou ermo a pastos, tipos de terras que son as primeiras en abandonarse. Por provincias Lugo acolleu o 61% das primas compensatorias concedidas seguida da Coruña co 21%, Ourense (16%) e Pontevedra (2%).

Con respecto ó volume subvencionado temos que ter en conta que só se realizan os pagos unha vez certificada a plantación. Isto fai que o volume pagado nun ano non se corresponda co volume de subvención aprobado. Contamos aquí con datos procedentes da Sesión de 30 de marzo do 2000 da Comisión de Asuntos Europeos do Parlamento Galego.

**Táboa 5.-** Forestación de terras agrarias en Galicia: 1996-1999

|                        | 1996     | 1997     | 1998     | 1999     | TOTAL     |
|------------------------|----------|----------|----------|----------|-----------|
| Nº solicitudes*        | 7379     |          | 4095     |          | 11474     |
| Nº aprobadas           | 3707     | 2008     | 2864     | 1032     | 9611      |
| Nº pagadas             | 3305     | 4369     | 7285     | 7786     | 22745     |
| Subv. aprobada (Mptas) | 849,58   | 2.085,34 | 4.272,24 | 4.153,44 | 11.360,62 |
| Pago realizado (Mptas) | 1.158,27 | 1.921,43 | 2.872,09 | 3.369,47 | 9.321,28  |

(\*) Solicitudes ó abeiro das Ordes de 1996 e 1998.

FONTE: Parlamento galego, Comisión de Asuntos Europeos, transcripción da sesión 30/03/00.

Observamos que a subvención aprobada se estanca en 1998 que é cando se abre o derradeiro período ate o momento para solicitar estas axudas. A tendencia durante o período analizado é alcista incrementándose a un ritmo medio anual do 48,7% as subvencións aprobadas e un 30,6% o volume de pagos realizados. Estamos a falar dun pago medio por solicitude para o conxunto do período de 409.817 ptas e dunha subvención media aprobada de 1.182.043,5 pts. Esta diferenza é debida a que mentras o número de pagos foi incrementándose ó longo do período como consecuencia da acumulación de compromisos, o número de subvencións aprobadas foi diminuindo a partires de 1996, o cal indicaría que cada vez máis o orzamento é consumido polos compromisos de pago de anos anteriores.

En definitiva, podemos marcar un punto de inflexión na evolución da forestación de terras agrarias na Orde de 1996. Ó abeiro desta orde prodúcese o máximo número de solicitudes de forestación posto que na seguinte orde o número é menor. Non parece suceder o mesmo para a superficie forestada que experimenta un maior pulo a partires de 1998. Esta diferenza de comportamento ten que ver con como están construídos os datos xa que a superficie forestada en cada ano non se corresponde coa solicitudes dese ano.

Para facer a análise por provincias servíremonos dos datos das solicitudes aprobadas entre 1993 e 1997. A máis beneficiada para o período estudado e para as ca-

tro subliñas parece ser Lugo co 42% das solicitudes seguida de A Coruña (40%) Ourense (11%) e Pontevedra (7%).

**Táboa 6.-** % sobre nº solicitudes aprobadas: Sept 93-Marzo 1997

|                    | A CORUÑA | LUGO    | OURENSE | PONTEVEDRA | GALICIA |
|--------------------|----------|---------|---------|------------|---------|
| Forestación        | 38,92%   | 39,07%  | 25,00%  | 40,39%     | 37,54%  |
| Prima compensación | 1,31%    | 3,66%   | 3,62%   | 0,76%      | 2,51%   |
| Prima mantemento   | 26,27%   | 41,69%  | 21,22%  | 30,28%     | 32,45%  |
| Mellora            | 33,50%   | 15,59%  | 50,16%  | 28,57%     | 27,51%  |
| Total              | 100,00%  | 100,00% | 100,00% | 100,00%    | 100,00% |

FONTE: Elaboración propia a partir de datos tomados de Valero (1997).

En tódalas provincias as axudas á reforestación foron as máis numerosas coa excepción de Ourense onde parece que tiveron maior interese as axudas á mellora das superficies xa forestadas. Isto explícase pola seca (VALERO, E. 1997). Precisamente nesta provincia a mellora máis solicitada foron os tratamentos fitosanitarios que se fixeron necesarios nos anos da seca (especialmente 1993 e 1994) debido á maior incidencia de axentes patóxenos. De todos xeitos o escaso número de solicitudes para forestación non debe agochar o feito de que a superficie por solicitude en Ourense é grande. Estamos a falar de 8,5 ha /expediente para o conxunto do período fronte ás 4,65 de media para toda Galicia.

Analicemos o subprograma de *Forestación* por provincias. Como dixemos antes, se temos en conta as solicitudes aprobadas entre 1993 e marzo de 1997 estaríamos a falar de 38.098 ha que representarían o 4,18%<sup>6</sup> da SAU galega e o 2,09% do Terreo Forestal Galego. Se tomamos a superficie certificada e pagada para o período 1993-1998 estamos a falar de 29.757 ha. que representan o 3,5% da SAU de 1998 e o 1,62% do Terreo Forestal (sobre a superficie forestal do II Inventario). Lembremos que en Europa a superficie forestada non chega ó 1% da SAU en que a media no Estado Español é aproximadamente do 1% (400.930 ha forestadas en España entre 1993 e 1998).

**Táboa 7.-** Subprograma forestación: nº solicitudes por provincias

|            | 1.993 |     | 1.994 |     | 1.995 |      | 1.996-7* |      | TOTAL |      |
|------------|-------|-----|-------|-----|-------|------|----------|------|-------|------|
|            | has   | nº  | has   | nº  | has   | nº   | has      | nº   | has   | nº   |
| A Coruña   | 1345  | 264 | 1161  | 344 | 3828  | 953  | 7666     | 1818 | 14000 | 3379 |
| Lugo       | 580   | 183 | 1572  | 519 | 3924  | 1328 | 5213     | 1537 | 11289 | 3567 |
| Ourense    | 103   | 28  | 349   | 83  | 1007  | 158  | 3720     | 339  | 5179  | 608  |
| Pontevedra | 684   | 75  | 360   | 53  | 1926  | 204  | 4660     | 307  | 7630  | 639  |
| Galicia    | 2712  | 550 | 3442  | 999 | 10685 | 2643 | 21259    | 4001 | 38098 | 8193 |

\*Acumulado ano 1996 e 1997 ate Marzo.

FONTE: Elaboración propia a partires de datos publicados por Valero (1997).

<sup>6</sup> Sobre SAU de 1997.



Para o período 1993-97 A Coruña é a provincia que participou cun número maior de ha no Programa (37%), seguida de Lugo, Pontevedra e Ourense. Sen embargo, hai que destacar que Ourense foi gañando peso relativo ó longo do período incrementando a súa participación en ha mentras que A Coruña foi diminuindo o seu peso. Por número de expedientes é Lugo a provincia que detenta unha maior participación pero cunha extensión menor por expediente (3,16 ha /expediente).

**Táboa 8.-** Evolución da participación provincial no subprograma forestación dos expedientes aprobados (% nº solicitudes)

|            | 1993 |      | 1994 |      | 1995 |      | 1996-7* |      | TOTAL |      |
|------------|------|------|------|------|------|------|---------|------|-------|------|
|            | has  | nº   | has  | nº   | has  | nº   | has     | nº   | has   | nº   |
| A Coruña   | 50%  | 48%  | 34%  | 34%  | 36%  | 36%  | 36%     | 45%  | 37%   | 41%  |
| Lugo       | 21%  | 33%  | 46%  | 52%  | 37%  | 50%  | 25%     | 38%  | 30%   | 44%  |
| Ourense    | 4%   | 5%   | 10%  | 8%   | 9%   | 6%   | 17%     | 8%   | 14%   | 7%   |
| Pontevedra | 25%  | 14%  | 10%  | 5%   | 18%  | 8%   | 22%     | 8%   | 20%   | 8%   |
| Galicia    | 100% | 100% | 100% | 100% | 100% | 100% | 100%    | 100% | 100%  | 100% |

\*Acumulado ano 1996 e 1997 ate Marzo.

FONTE: Elaboración propia a partires de datos publicados por Valero (1997).

Porcentaxes similares atopamos utilizando os datos das certificacións feitas para os anos 1997 e 1998.

**Táboa 9.-** Distribución provincial das axudas a forestación de terras agrarias certificadas e pagadas en Galicia

|       |     | A CORUÑA | LUGO   | OURENSE | PONTEVEDRA |
|-------|-----|----------|--------|---------|------------|
| 1997  | Nº  | 41,92%   | 38,09% | 8,68%   | 11,31%     |
|       | has | 41,21%   | 25,25% | 13,63%  | 19,91%     |
| 1998  | Nº  | 40,74%   | 38,77% | 9,11%   | 11,38%     |
|       | has | 35,94%   | 20,67% | 18,49%  | 24,90%     |
| Total | Nº  | 41,14%   | 38,54% | 8,96%   | 11,36%     |
|       | has | 37,68%   | 22,19% | 16,88%  | 23,25%     |

FONTE: Elaboración propia a partires de datos da Dirección Xeral de Montes e MAN.


Observamos como tanto Ourense como Pontevedra incrementaron o seu peso relativo sen que o número de solicitudes o faga do mesmo xeito. Como apuntabamos isto é coherente con que a superficie por solicitude tamén se incrementou nestes anos e que elo é debido á maior entrada de Montes Veciñais en Man Común (M.V.M.C.).

En relación a incidencia que este programa tivo nos M.V.M.C., e a falta de datos máis concretos, é interesante analizar a evolución da superficie por expediente. Recurrimos de novo os datos das solicitudes aprobadas entre 1993 e marzo de 1997.

No gráfico 2 observamos como a evolución da superficie por expediente. foi enormemente positiva en Ourense e Pontevedra o cal apoia o feito dunha maior en-

trada no programa de M.V.M.C. Lugo e A Coruña manteñen unha evolución similar e, ó seren as provincias que acollen un maior número de expedientes e superficie, marcan a evolución da media galega. Comparemos este gráfico coa evolución e distribución do tipo de beneficiarios acollidos ó Programa. Como veremos as axudas concedidas a comunidades de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC) acadan un número elevado a partir de 1995 e estas son máis numerosas nas provincias de Pontevedra e Ourense.

**Gráfico 2.-** Evolución provincial da superficie por expediente



Sobre os tipos de beneficiarios só dispoñemos de datos sobre 11.833 solicitudes aprobadas entre 1993 e marzo de 1997 que se distribúen como segue:

**Táboa 10.-** Evolución da distribución do nº de expedientes por beneficiarios (Decreto 250/93)

|                     | 1993  | 1994  | 1995  | 1996-97 | TOTAL  |
|---------------------|-------|-------|-------|---------|--------|
| Agrupacións         | 4     |       |       | 35      | 78     |
| Solicitude Conxunta | 0     | 19    | 20    | 27      | 27     |
| Persoas Físicas     | 1.815 | 1.703 | 0     | 3.986   | 11.131 |
| Ent. Locais         | 4     | 4     | 3.627 | 28      | 68     |
| Outros              | 0     | 2     | 32    | 2       | 5      |
| CMVMC               | 29    | 49    | 1     | 162     | 323    |
| Empr. (CMVMC)       | 0     | 0     | 83    | 25      | 25     |
| Persoas Xurídicas   | 17    | 40    | 23    | 96      | 176    |
| Total               | 1.869 | 1.817 | 3.786 | 4.361   | 11.833 |

\*Acumulado ano 1996 e 1997 ate Marzo.

FONTE: Valero (1997).

**Táboa 11.-** Distribución provincial dos beneficiarios: (Sept.1993-Marzo 1997)

|                     | A CORUÑA | LUGO    | OURENSE | PONTEVEDRA | GALICIA |
|---------------------|----------|---------|---------|------------|---------|
| Agrupacións         | 0,83%    | 0,23%   | 0,24%   | 2,49%      | 0,66%   |
| Solicitude Conxunta | 0,45%    | 0,03%   | 0,06%   | 0,00%      | 0,23%   |
| Pers. Físicas       | 95,21%   | 98,62%  | 91,30%  | 68,77%     | 94,07%  |
| Ent. Locais         | 1,11%    | 0,00%   | 0,18%   | 0,39%      | 0,57%   |
| Outros              | 0,05%    | 0,03%   | 0,00%   | 0,13%      | 0,04%   |
| CMVMC               | 0,59%    | 0,18%   | 4,53%   | 27,30%     | 2,73%   |
| Emp.(CMVMC)         | 0,27%    | 0,05%   | 0,18%   | 0,66%      | 0,21%   |
| Pers. Xurídicas     | 1,49%    | 0,86%   | 3,50%   | 0,26%      | 1,49%   |
| Total               | 100,00%  | 100,00% | 100,00% | 100,00%    | 100,00% |

FONTE: Elaboración propia a partir de datos tomados de Valero (1997).

O que observamos é que a gran maioría dos beneficiarios neste primeiro quinquenio son persoas físicas, é dicir propietarios individuais. Isto está en consonancia coa escasa dimensión media das parcelas forestadas, especialmente en Lugo onde case a totalidade dos solicitantes son persoas físicas. O asociacionismo non parece ter moito éxito neste período tendo unha maior repercusión na provincia da Coruña. É tamén nesta provincia onde observamos unha maior incidencia das entidades locais como solicitantes de axudas xa que moitos concellos da provincia tomaron a iniciativa de agrupar a pequenos produtores e representalos especialmente para demandar infraestruturas forestais, protección e defensa do monte (Valero, 1997, p. 291).

Na análise dos beneficiarios merecen mención especial os MVMC dado o tipo especial de propiedade que supoñen e o abandono productivo no que na actualidade se atopan moitos destes montes.

**Táboa 12.-** Incidencia da forestación de terras agrarias nos montes veciñais en man común. 1993-1997 (% sobre o número de solicitudes aprobadas)

|              | A CORUÑA | LUGO   | OURENSE | PONTEVEDRA | GALICIA |
|--------------|----------|--------|---------|------------|---------|
| CMVMC        | 17,5%    | 0,8%   | 7,2%    | 34,1%      | 12,0%   |
| Emp. (CMVMC) | 7,9%     | 0,2%   | 0,3%    | 0,8%       | 0,9%    |
| Total        | 25,4%    | 1,0%   | 7,5%    | 34,9%      | 12,9%   |
| Total MVMC   | 100,0%   | 100,0% | 100,0%  | 100,0%     | 100,0%  |

FONTES: Elaboración propia a partir de datos tomados de Valero (1997) e de Íñiguez Alonso (1997).

Entre 1993 e 1997 solicitaron subvención para forestación o 12,9% dos MVMC galegos. Por provincias é na Coruña e Pontevedra onde unha maior parte dos montes existentes solicitaron estas subvencións ben directamente ben a través de empresas. Sen embargo sobre o total galego Ourense acaprou o 22,4% das solicitudes e Pontevedra o 61,2% quedando A Coruña en terceiro lugar co 13,8% das solicitudes.

En consonancia co que dicíamos máis arriba os MVMC entran no programa especialmente nos últimos anos, e parece que despois do 1997 este ascenso na súa participación ten sido maior. Este dato é importante non só pola circunstancia de que as ordes de 1996 e 1998 clarifican moito mellor as condicións en que poden solicitar axudas senon porque, dende a óptica das aptitudes e do uso tradicional do solo, o monte veciñal parecería a terra de maior vocación forestal, no canto de forestar zonas de val ou ribeira<sup>7</sup> máis productivas e polo tanto máis adecuadas para a produción de alimentos. Por outra parte, son as únicas propiedades con dimensión suficiente para que se poida facer unha explotación silvícola racional e rendible economicamente.

Outro punto importante a destacar é o incremento do número de empresas, representado polo epígrafe persoas xurídicas, que teñen solicitado axudas no contexto deste decreto. Segundo o autor que estamos a citar (Valero, 1997, p. 289), o número de empresas das que o NIF aparece na documentación de petición de axuda en representación de titulares de terreos vai en aumento. Segundo o autor citado, este é un índice da repercusión social do programa en Galicia posto que se trataría de todo un sector económico creado ó redor desta liña de actividade que antes non existía. Básicamente o que fan estas empresas é tramitar a subvención e cobrala en nome do titular a cambio de reforestar o terreo e facer o mantemento conseguinte. Como vemos este tipo de empresas teñen unha maior actividade na Coruña e en Pontevedra pero experimentaron un incremento espectacular en Ourense durante os anos 1996 e 1997. Estamos certos de que para os anos 1998 e 1999 a expansión das solicitudes por parte deste tipo de empresas foi aínda maior tanto. A aclaración de que a empresa só é responsable durante o período de duración da prima de mantemento puido ter incentivado aínda máis esta actividade. Por outra banda, o abandono do campo que favorece que os propietarios das terras vivan fóra da comarca, e a profesionalización do sector forestal, inciden na proliferación destas empresas.

Cita especial merecen as empresas que presentan solicitudes en nome das CMVMC ou asociacións de agricultores. Ás empresas resultaralles máis interesante forestar superficies grandes para así aproveitar as economías de escala que se poidan derivar, a parte de cobrar unha maior subvención. Por elo, son elas as que en parte fan un labor de extensión e difusión do programa entre as comunidades de montes, que deben acordar a forestación en Asamblea Xeral, ou propoñendo a varios propietarios para a súa asociación. No cadro anterior vemos como a partires do ano 1997 xa empeza a darse este fenómeno que se incrementará nos anos seguintes. É presumible que ás empresas só lles interesen as superficies incultas, dado que de outro modo os propietarios estarían interesados en cobras as primas de compensación, primas que requiren un período maior de compromiso e unha tramitación máis engorrosa.

---

<sup>7</sup> Aínda que pode ser discutido dende o punto de vista do desenvolvemento rural das zonas de montaña onde outros usos destes montes, como os gandeiros, poderían proporcionar rendementos económicos maiores a curto prazo.

Opinamos que debemos tomar con coidado este dato do incremento das empresas como índice de éxito socioeconómico do programa. Efectivamente ábrese un campo de actividade para os profesionais xa que cada forestación debe levar un informe técnico e un proxecto, sen embargo, corre o perigo de que só resulten interesantes mentras exista o programa de axuda, e desaparezan con él no futuro. Outra cousa sería que se iniciasen actividades industriais de transformación de produtos forestais que permitisen captar un maior valor engadido para a zona. Sen embargo isto aínda está por ver.

Para falar das especies de novo acudimos ás dúas fontes de datos coas que contamos. Comezamos coa análise dos expedientes aprobados no período 1993--marzo 1997:

**Táboa 13.-** Distribución por especies da superficie forestada (% ha)

|            | 1993 | 1994 | 1995 | 1996-97 | TOTAL |
|------------|------|------|------|---------|-------|
| Coníferas  | 77%  | 77%  | 67%  | 64%     | 68%   |
| Fronchosas | 16%  | 16%  | 8%   | 10%     | 10%   |
| Eucalipto  | 7%   | 7%   | 25%  | 26%     | 22%   |
| Total      | 100% | 100% | 100% | 100%    | 100%  |

FONTE: Elaboración propia a partir de datos tomados de Valero (1997).

Destacamos o forte predominio das especies de crecemento rápido, coníferas e eucalipto, a pesares de que as frondosas de crecemento lento teñen unha prima maior. Sen embargo, cabe esperar que a forte utilización do Eucalipto se frene a partires de 1998 xa que como dixemos, a nova lexislación é moito máis restrictiva con esta especie limitando a súa subvención a unicamente o *Eucaliptus globulus* baixo determinadas condicións técnicas. De feito, neste ano a Dirección Xeral de Montes e MAN só contabiliza 17,13 ha de Eucalipto certificadas e pagadas en toda Galicia.

Por provincias, A Coruña ten unha maior proporción de Eucalipto; Lugo de coníferas xa que nas zonas de montaña aínda non está masivamente introducido o eucalipto; en Ourense as coníferas predominan pero as frondosas teñen experimentado un forte incremento ó longo do período e en Pontevedra dominan con diferenza a forestación con coníferas.

**Táboa 14.-** Distribución provincial das especies solicitadas (ha) (1993-marzo 97)

|            | A CORUÑA | LUGO    | OURENSE | PONTEVEDRA | GALICIA  |
|------------|----------|---------|---------|------------|----------|
| Coníferas  | 6651,75  | 7451,92 | 3687,3  | 4584,57    | 22375,54 |
| Fronchosas | 778,21   | 741,41  | 1190,05 | 673,06     | 3382,73  |
| Eucalipto  | 5417,43  | 1703,01 | 24,11   | 213,84     | 7358,39  |
| Total      | 12847,39 | 9896,34 | 4901,46 | 5471,47    | 33116,66 |

FONTE: Elaboración propia a partir de datos tomados de Valero (1997).

Utilizando xa os datos das subvencións certificadas e pagadas para o período 1993-1998 a distribución por especies resulta similar: siguen predominando as especies de crecemento rápido. Resulta chamativo que en Galicia se plantase case o 94% de todo o Eucalipto acollido a este programa de forestación. Este dato indica o predominio da procura do rendemento económico a curto prazo en lugar doutro tipo de obxectivos máis a longo prazo como a protección do ambiente.

**Táboa 15.-** Distribución por especies das ha forestadas certificadas e pagadas. 1993-1998

|                                       |                   | %/ESPAÑA | %/GALICIA | G/E   |
|---------------------------------------|-------------------|----------|-----------|-------|
| Fronosas de crecemento lento          | Masas puras       | 29,0%    | 3,1%      | 0,8%  |
| Fronosas de crecemento lento          | Masas mixtas      | 23,0%    | 5,1%      | 1,6%  |
| Eucalipto                             |                   | 1,3%     | 16,2%     | 93,8% |
| Outras frondosas de crecemento rápido |                   | 0,3%     | 0,2%      | 5,7%  |
| Coníferas crecemento lento            | Masas puras       | 20,2%    | 2,0%      | 0,7%  |
| Coníferas crecemento lento            | Masas mixtas      | 4,3%     | 3,2%      | 5,6%  |
| Coníferas crecemento rápido           |                   | 7,5%     | 50,1%     | 49,5% |
| Misturas frondosas e resinosas        | Crecemento lento  | 12,1%    | 2,3%      | 1,4%  |
| Misturas frondosas e resinosas        | Crecemento rápido | 1,3%     | 17,8%     | 98,4% |
| Outras arboreas e arbustivas          |                   | 1,0%     | 0,0%      | 0,0%  |
| Total                                 |                   | 100,0%   | 100,0%    | 7,4%  |

FONTE: Elaboración propia a partires de datos proporcionados pola Dirección Xeral de Montes e MAN.

Con respecto ás terras ocupadas polas forestacións indicabamos anteriormente que en Galicia case o 88% eran terras a monte e ermo a pastos. É dicir, as terras que en caso de abandono da produción agraria, son as primeiras que quedan liberadas para outros usos. Esta tendencia obsérvase tamén no Estado Español e en menor medida no resto da UE onde o 61% son pradeiras e pastos permanentes, o 36% terras cultivables e o 3% cultivos permanentes como viñedos, hortos etc. Esta distribución varía en gran medida dun Estado membro a outro. En estados como os Países Baixos ou Dinamarca as máis afectadas son as terras cultivables (as que predominan nestes países) mentras quen en Austria e Irlanda foi realizada case exclusivamente en pradeiras e pastos permanentes (COM (97) 630 final).

**Táboa 16.-** Tipos de superficies agrarias forestadas

|  | ESPAÑA | GALICIA | G/E   | % /ESPAÑA | %/GALICIA |
|--|--------|---------|-------|-----------|-----------|
| Terras ocupadas por cultivos herbáceos     | 91016  | 1244    | 1,4%  | 22,70%    | 4,18%     |
| Terras en barbeito e non ocupadas          | 39571  | 809     | 2,0%  | 9,87%     | 2,72%     |
| Hortos Familiares                          | 676    | 27      | 4,0%  | 0,17%     | 0,09%     |
| Cultivos leñosos.                          | 16770  | 333     | 2,0%  | 4,18%     | 1,12%     |
| Prados naturais.                           | 2753   | 595     | 21,6% | 0,69%     | 2,00%     |
| Pasteiros.                                 | 58463  | 506     | 0,9%  | 14,58%    | 1,70%     |
| Montes de Sobreiras                        | 1451   | 39      | 2,7%  | 0,36%     | 0,13%     |
| Monte aberto e dehesas (soutos en Galicia) | 52172  | 7017    | 13,4% | 13,01%    | 23,58%    |
| Ermo a pastos                              | 138088 | 19187   | 13,9% | 34,44%    | 64,48%    |
| Total                                      | 400960 | 29757   | 7,4%  | 100,00%   | 100,00%   |

FONTE: Elaboración propia a partires dos datos facilitados pola Dirección Xeral de Montes e MAN.

## 5. REFLEXIÓNS FINAIS

- 1) A xulgar polos obxectivos fixados no Decreto 250/93 da Xunta de Galicia, o Programa galego de forestación de terras agrarias era marcadamente productivista e de carácter forestal e non agrario fronte ó regulamento estatal e o de outras CCAA moito máis conservacionistas. Os obxectivos B) C) e D) así o confirman. Apoian esta idea a non imposición dun límite máximo subvencionable ás especies de crecemento rápido. Sen embargo, as últimas modificacións do Decreto parecen ter dado algún paso en favor de obxectivos máis proteccionistas como xa fomos apuntando. Por outra banda, este programa estaría en consonancia coa política forestal activa desenvolta pola administración galega noutros ámbitos como o desenvolvemento do asociacionismo de produtores forestais, o desenvolvemento dunha industria de primeira transformación da madeira, a expansión das repoboacións en terreo forestal, etc.
- 2) Dende o punto de vista da ordenación do territorio, nengún dos regulamentos expostos (comunitario, estatal e galego) conteñen límites á forestación derivados das aptitudes do solo. Os lexisladores comunitarios deixaron este aspecto para ser desenvolvido polos estados membros. Así en países como Francia existen leis que regulan o uso productivo do solo. Non é o noso caso na práctica posto que é competencia dos concellos e estes non as aplican en moitos casos. O cal implica que, dado que o abandono agrario realízase a cotío de xeito progresivo, as terras que resultan dispoñibles para a forestación están en moitos casos dispersas, fragmentadas e imbricadas con terras nas que se mantén a actividade agraria e son ademáis de escasa dimensión dada a elevada parcelación das explotacións galegas. Isto da lugar a un fenómeno tamén presente noutras partes do territorio comunitario, as forestacións dispersas que nada teñen que ver coas masas arboradas propias da paisaxe tradicional onde estas cumprían unha función ecolóxica ou doutro tipo. As modificacións do programa de 1996 e 1998 incidían algo máis na corrección deste aspecto. De todos xeitos semella aínda necesario dotarse de instrumentos de planificación territorial que permitan zonificar as terras que vaian ser forestadas.
- 3) Dende o punto de vista da produción forestal esta dispersión das masas arbóreas tampouco é desexable xa que impide unha xestión silvícola adecuada. Neste senso, o decreto galego prima dimensións maiores das parcelas así como o agrupamento de titulares e ten como primeiro obxectivo a obtención de parcelas de dimensión adecuada para a súa explotación forestal. (aspecto que acentúa aínda máis o carácter forestal do programa). No primeiro período de aplicación, sen embargo, a agrupación de produtores parece ter sido difícil de conseguir salvo en contadas excepcións acadando unha dimensión media de aproximadamente 4 ha. De ahí as maiores facilidades para asociarse que as modificacións da norma presentan. A atención que se lle presta ós montes en man común e que parece que empeza a ter resultados en termos de CMVMC beneficiadas, é un

aspecto positivo do programa desde o punto de vista forestal. A súa dimensión e a súa localización no territorio fai que sexan quizais os terreos máis idóneos para a forestación.

- 4) Dende o punto de vista agrario a aplicación deste programa non pode considerarse en absoluto positiva. O propio deseño do regulamento comunitario implica transformar SAU en terreo forestal coa imposibilidade de dar marcha atrás no futuro. Ademais en Galicia xa máis do 60% da superficie é terreo forestal co cal non ten sentido perder aínda máis SAU. Por outra banda, en Galicia apenas tiveron repercusión as primas compensatorias polas razóns xa apuntadas, coa conseguinte nula repercusión na renda agraria. De feito, e a falta de datos máis concretos sobre o tipo de beneficiarios, parece que gran parte das axudas foron a parar a propietarios absentistas polo menos até 1997. Tendo en conta que no período 1993-97 atendéronse todas aquelas solicitudes que non tiñan defectos de forma ou fondo, está claro que este tipo de propietarios puidéronse ver favorecidos ó seren os máis interesados en sacar unha rendibilidade das terras que non traballan. Isto hai que velo á luz da actual falta de dimensión adecuada das explotacións agrarias e da resistencia dos titulares de terras a vendelas ou arrendalas (Lopez Iglesias, 1997).
- 5) Dende o punto de vista do desenvolvemento rural estas axudas pretendían favorecer a pluriactividade dos traballadores agrarios e a compensación de perdas de ingresos. Xa vimos que este último aspecto semella non ter tido repercusión en Galicia de momento, pero resulta claro que a actividade forestal si pode xerar rendas para as comunidades rurais e evidentemente deben ser captadas. A cuestión é cómo. Aínda non existen estudos que podan falar deste aspecto pero é importante sinalar que os investimentos forestais adoitan ter unha rendibilidade financeira menor que os agrarios e que a amortización do investimento é a moito máis longo prazo. A rendibilidade para a comunidade e polo tanto para o desenvolvemento da zona só pode vir da man da transformación local dos produtos forestais e da apropiación por parte da comunidade das externalidades positivas dos ecosistemas forestais que se pretende crear ou preservar.
- 6) Dende o punto de vista ambiental é necesaria unha investigación profunda sobre os efectos que este tipo de programas están tendo en Galicia e en todo o territorio comunitario. Polo momento só podemos apuntar ideas sobre as posibles consecuencias. Por unha parte as “miniforestacións” poderían considerarse útiles para conservar as paisaxes agrarias tradicionais onde as árbores cumprían funcións de cortaventos a parte doutras funcións productivas contribuíndo a manter ecosistemas diversificados. Para elo sería necesario elixir as especies adecuadas como está a suceder no Reino Unido onde se favorecen as plantacións con fins ambientais. Sen embargo e como sinala Albino Prada (2000) habería que modificar as primas para favorecer a non elección de especies de crecemento rápido, de maior rendibilidade económica pero de escaso valor ambiental, especies es-



pecialmente usadas nalgunhas rexións españolas. Galicia tiña un programa con obxectivos sobre todo productivistas e esta orientación parece responder tamén as demandas dos peticionarios que están a plantar especialmente coníferas e eucalipto, moito máis rendibles incluso cunha prima menor, en detrimento doutras frondosas autóctonas. Con respecto á contribución ó freno do cambio climático global e a pesares da escasez de datos e da cortidade do período, non parece que a forestación de terras agrarias teña contribuído en nada a mellorar este aspecto e así o sinala o informe da Comisión (COM (97) 630 final) sobre a aplicación destas medidas.

- 7) Sinalar que o éxito do programa galego en termos de número de solicitudes non é alleo a:
- a) A información e difusión feita por parte da administración, as asociacións forestais (asináronse acordos de colaboración con Afrifoga, Silvanus e Asociación Forestal de Galicia) e as empresas de forestación que buscan terras para solicitar as primas.
  - b) A existencia dunha tradición nas explotacións de ter parcelas de monte arborado non só como parte productiva da explotación senon tamén como investimento financeiro.
  - c) A crise do sector agrario galego e a falta de perspectivas ante o abandono da política proteccionista comunitaria que están a provocar o abandono das terras para usos agrarios.
  - d) A existencia dunha política forestal activa na administración galega. De feito, segundo o informe da comisión (COM (97)630 final) constátase que a medida foi aplicada principalmente nos Estados e rexións onde existe unha vontade política activa de estender a superficie forestal.

## BIBLIOGRAFÍA

- CASTILLÓN, P.; PALOMEQUE, P.; ÁLVAREZ ÁLVAREZ, P.; RODRIGUEZ SOALLEIRO, R.; RIGUEIRO RODRÍGUEZ, A. (1998): *Estudio de evaluación técnica de repoblaciones forestales*. (Publicación electrónica en <http://agrobyte.lugo.usc.es/agrobyte/publicaciones/>).
- COMISIÓN EUROPEA (1997): *COM (97)630 final: Informe de la Comisión al Consejo y al Parlamento europeo sobre la aplicación del reglamento CEE nº 2080/92 del Consejo*.
- GÓMEZ-JOVER PARDO, F.; JIMÉNEZ PERIS, F.J. (1997): *Forestación de tierras agrícolas*. Madrid: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.
- INÍGUEZ ALONSO, P.P. (1997): "Montes, administración y gestión forestal en Galicia", en: *Actas Congreso Empresarial Técnico-Científico Forestal del Arco Atlántico*.
- LÓPEZ IGLESIAS, E. (1997): *Movilidad de la tierra y dinámica de las estructuras agrarias en Galicia*. Madrid: MAPA/SGT.
- MAPA (varios anos): *La agricultura, la pesca y la alimentación españolas 1994-95-96-97-98-99-2000*. Madrid: Ministerio de Agricultura Pesca y Alimentación.

- OROZCO BAYO, E.; MONREAL MONTOYA, J.A. (coord.)(1997): *Forestación en terras agrícolas*. (Colección Ciencia y Técnica). Universidad de Castilla-La Mancha.
- PASTOR, J.C., CARMONA, J. (1999): “Evolución e tendencias das axudas ó sector forestal en Galicia”, *Feira de Mostras de Silleda 1999*.
- PRADA BLANCO, A. (2000): “Espaces forestiers dans les regions de l’U.E.: PAC et environnement”, *MEDIT*, núm. 2/00, pp. 52-60.
- VALERO, E. (1997): “Implantación del programa de forestación de superficies agrarias en Galicia”, en F. Gómez-Jover Pardo e F.J. Jiménez Peris: *Forestación de terras agrícolas*. Madrid: MAPA.